

Durante o século XIX en España existiron dous estilos arquitectónicos: o Neoclásico e o Modernismo.

O **estilo neoclásico** caracterízase por volver á estética de Grecia e Roma, as civilizacións clásicas. Nas construcións búscase a sinxeleza decorativa. Abundarán columnas, cúpulas, frontóns... e hai unha clara preferencia polas liñas rectas.

A maioría dos edificios son civís e públicos: bancos, teatros, museos, parlamentos...

O **modernismo**, pola contra, buscaba desvincularse do pasado. As súas principais características son a liberdade creadora e a procura de novas posibilidades nas técnicas e no emprego dos materiais (ferro, vidro, cerámica...). Inspíranse na natureza e dan moita importancia á imaxinación, a fantasía... Rexeitan a simetría, a frialdade e a deshumanización da arquitectura e empregan liñas curvas, adornos, elementos asimétricos, formas orgánicas e elementos naturais. Valora o traballo artesanal.

O modernismo obsérvase en moitas artes. Ademais da arquitectura, aparece na escultura, a pintura, o deseño de moda e xoias e a elaboración de obxectos da vida cotiá e do mobiliario urbano.

Observa as seguintes obras e di se son modernistas ou neoclásicas.



